

Johannes Deimling

Por que utilizas a performance como medio habitual de expresión?

—Porque a performance é unha forma de arte radical e verdadeira onde o acto creativo é o centro do sentido. Non é importante producir algo que alguén poida comprar ou posuír. Non hai artefacto, non é algo incómodo; a performance é máis unha calidade. A importancia radica no acto artístico por si mesmo: un momento efémero que combina diferentes niveis de emoción que o artista lle ofrece á súa audiencia. Nesta proposta, o creador fala co seu corpo e orixina unha plataforma de comunicación que se asenta sobre catro piares: o corpo, o tempo, o espazo e a comunicación. No momento do acto creativo, os «catro elementos básicos» convértense nun signo único, no corazón do que acontece.

Porque é unha forma viva de arte na cal o artista crea os seus propios recursos expresivos. A posibilidade de te comunicar directamente coas persoas sen utilizar palabras constitúe, para min, un dos principais puntos de interese. Deste modo, rescátanse outros niveis de comunicación que, en ocasións, son máis recoñecibles e precisos.

A situación ou o momento en que o artista crea é unha manifestación de privacidade onde o creador ofrece a súa propia visión sobre a vida. Así, este instante é compartido coa audiencia, polo que, neste sentido, a performance é máis unha forma de comunicación que un xénero ou disciplina artística. O valor non está na peza, radica na transferencia, na comunicación dun punto de vista e non soamente en mostrar unha imaxe bela. A arte establece fronteiras que a performance rompe para poder ter un campo aberto onde se intercambian valores, naturezas e principios.

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—Nun mundo materialista, non é fácil —pero é importante— compartir os valores efémeros da arte de performance. Por un lado, a xente escapa do mundo real cara a unha «segunda vida» virtual e, polo outro, poñen a proba as súas posibilidades físicas dun modo extremo. A biotécnica e os avances na ciencia moderna e a medicina tamén cambian a percepción do noso corpo e as súas posibilidades: o resultado de todo este proceso materialízase nun corpo mudo incapaz de comunicar.

Pero a performance non é só arte, pode ter influencia noutros territorios da vida e pode contribuír a rescatar a realidade que nos rodea e fomentar outras canles de comunicación na nosa vida diaria.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.

AQUÍ FALTA LA RESPUESTA